



## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 10 DE XULLO DE 2018

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e quince minutos do día dez de xullo de dous mil dezaoto, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Josefa Vázquez Soto, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez.

Non asiste e presenta escusa dona Elisa Pestonit Barreiros.

Faise constar que asiste á sesión dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 3 de xullo de 2018**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 3 de xullo de 2018 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Josefa Vázquez Soto, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez) aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Lei 6/2018, de 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018. (Boletín Oficial do Estado número 161, do 4 de xullo de 2018).

- Resolución do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa F0216: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación, durante o ano 2018. Figura como beneficiario o Concello de Cambre, co obxecto



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

“subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación, durante o ano 2018”, cun importe de subvención de 7.200 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 127, do 5 de xullo de 2018).

- Resolución do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa F0221: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña, durante o ano 2018. Figura como beneficiario o Concello de Cambre, co obxecto “XXVII rock in Cambre 2018”, cun importe de subvención de 35.000 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 127, do 5 de xullo de 2018).

#### **4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 29 de xuño ao 5 de xullo do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1288/2018 e remata coa resolución da Alcaldía número 1334/2018, segundo se relaciona a seguir:

<b>Nº decreto</b>	<b>Data sinatura</b>	<b>Asunto</b>
1288/2018	29/06/2018	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 3 de xullo de 2018
1289/2018	29/06/2018	Aprobación do I descenso do río Mero
1290/2018	29/06/2018	ordenación de pagos
1291/2018	29/06/2018	Rectificación da Resolución 1263/2018, de 27 de xuño.
1292/2018	02/07/2018	Aprobación do padrón da taxa de auga e rede de sumidoiros do segundo trimestre de 2018
1293/2018	02/07/2018	Habilitación a MACP, funcionario administrativo da Tesourería, para o acceso á banca electrónica para a consulta das contas do Concello e a carga e descarga de ficheiros.
1294/2018	02/07/2018	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Estorrentada, Cambre. Propiedade FBT
1295/2018	02/07/2018	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Pereira, Cambre. Propiedade: JRM
1296/2018	02/07/2018	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Fontenla, Cambre. Propiedade: JGT
1297/2018	02/07/2018	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Fontenla, Cambre. Propiedade: CRV
1298/2018	02/07/2018	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Cambre, A Coruña. Propiedade: En investigación.
1299/2018	02/07/2018	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Fabás, Cambre. Propiedade: Herdeiros de NO



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

1300/2018	02/07/2018	Concede a licenza municipal para realizar unha acometida de gas natural canalizado no edificio sito na rúa Polígono, O Temple. Solicitante: NG, S.A.
1301/2018	02/07/2018	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, por importe total de 17.234,69 euros
1302/2018	02/07/2018	Expedientes sancionadores de tráfico: DII (P 4572)
1303/2018	02/07/2018	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padron Municipal de Habitantes do menor VECG, Expediente nº 2701/2015.
1304/2018	02/07/2018	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes do menor JECG, Expediente nº 2702/2015
1305/2018	02/07/2018	Ordenación de pagamentos correspondente á resolución de alcaldía núm. 1301/2018 de data 2 de xullo de 2018
1306/2018	03/07/2018	Aprobación de liquidacións do prezo público polo Programa de actividades xuvenís mes de maio 2018
1307/2018	03/07/2018	Concesión tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade a MEMG
1308/2018	04/07/2018	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, por importe total de 53.767,21 euros
1309/2018	04/07/2018	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de AV, Expte. nº 2605/2015
1310/2018	04/07/2018	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de EMRA, Expediente nº 2614/2015
1311/2018	04/07/2018	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de FATD, Expediente nº 2624/2015
1312/2018	04/07/2018	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de MRM, Expediente nº 2640/2015
1313/2018	04/07/2018	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de JPMP, Expediente nº 2645/2015
1314/2018	04/07/2018	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de JMFG, Expediente nº 2665/2015
1315/2018	04/07/2018	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de EHL, Expediente nº 2666/2015.
1316/2018	04/07/2018	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de JJPG, Expediente nº 2687/2015 e 3010/2016
1317/2018	04/07/2018	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de JPM, Expediente nº 2688/2015
1318/2018	04/07/2018	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de M de FB da S, Expediente nº 2689/2015
1319/2018	04/07/2018	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de JC SM, Expediente nº 2694/2015
1320/2018	04/07/2018	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		Municipal de Habitantes de JCCR, Expediente nº 2699/2015
1321/2018	04/07/2018	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de MNGF, Expediente nº 2700/2015
1322/2018	04/07/2018	Resolución definitiva expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de MECS, Expediente nº 2703/2015
1323/2018	04/07/2018	Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos por importe total de 146.956,03 euros
1324/2018	05/07/2018	Celebración voda civil de CBB e GBP o 7 de xullo ás 12 horas
1325/2018	05/07/2018	Alta de persoas voluntarias ao Proxecto Zaranda III do Servizo de Voluntariado Xuvenil
1326/2018	05/07/2018	Aprobación altas e baixas en escolas de actividade física e saúde mes de xuño
1327/2018	05/07/2018	Celebración voda civil de MRF e RFV o 7 de xullo ás 13 horas
1328/2018	05/07/2018	Outorgamento de prazo para xustificación de oferta por baixa temeraria no expediente de contratación da obra de Mellora da seguridade viaria en Sobreguexe (Cecebre) e renovación do pavimento en Castrillón (Pravio) á UTE a formar polas entidades Barnacle Obras y Servicios, S.L. e Excavaciones y Transportes BC, S.L.
1329/2018	05/07/2018	Inicio de procedemento sancionador. proposta de resolución (procedemento abreviado). infracción tributaria por incumplir a obriga de presentar de forma completa e correcta autoliquidacións (art 191 lxt). p. sancionador: expediente comprobación limitada 10/2017
1330/2018	05/07/2018	Reposición legalidade urbanística por reforma de vivenda e edificación anexa na Estrada Espíritu Santo, Cecebre sen axustarse á licenza concedida. Propiedade: AVO e VM do Vento, C.B.
1331/2018	05/07/2018	Declaración de ruína da edificación sita en Fraiz, Cecebre. Propietarios: JFR e outros
1332/2018	05/07/2018	Inicio de procedemento sancionador. proposta de resolución (procedemento abreviado). infracción tributaria por incumplir a obriga de presentar de forma completa e correcta autoliquidacións (art 191 lxt). p. sancionador: expediente comprobación limitada pcl 14/2017
1333/2018	05/07/2018	Convocatoria sesión extraordinaria e urgente da Xunta de Goberno Local do día 6 de xullo de 2018
1334/2018	05/07/2018	Troco domicilio de oficio de MCC

## 5º. Informes doutros asuntos de área

### Informes da alcaldía

Dona Maria Dolores Blanca Garcia Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, dá conta dos seguintes asuntos:



- O venres, ás 20:00 horas ao non poder asistir o concelleiro de Cultura asistiu en Villa Concepción á presentación de fotografía O Mar Ártabro.

- O sábado trasladouse ao Parque Ramón Barba a actuación de Nani García.

### **Informes do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade**

Don Daniel Carballada Rodríguez dá conta do seguinte asunto:

- Avaliación moi positiva do festival de jazz que tivo lugar a pasada fin de semana.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos expedientes de:

- Adxudicación, á empresa "Canarga, S.L.", no importe de 24.090,91 euros sen IVE e 29.150,00 euros IVE incluído, da obra "Mellora do camiño 00383 dende Fabás ata Armental, Cambre", cofinanciada ao abeiro da Resolución do 18 de maio de 2017, da Agader, pola que se aproba a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018. Expediente: 2017/C003/000011

- Corrección de erro no acordo de adxudicación á entidade "Luz Coruña, S.L.", no importe de 726 euros IVE incluído, do "Servizo de rotulación edificio servicios múltiples O Temple". Expediente núm. 2018/C002/000043

- Outorgamento dunha prórroga para a execución da obra "Ampliación e reforma do Parque infantil oeste de A Barcala" incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+2017. Expediente: 2017/C003/000006

- Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde presentado pola empresa Cys Hispania, S.L. adxudataria da obra "Reforma das pistas polideportivas cubertas dos Campóns (Sigrás) e Bernardo Bish (Brexo)" incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017". Expediente 2017/C003/000008

- Proposta de alcaldía de autorización e disposición de gastos mediante o sistema de "vales de pedido"

- Devolución da garantía definitiva, por importe de 3.570,00 euros, á entidade "Galicia Vella de Inversiones y Logística, S.L.", depositada mediante aval bancario da entidade Caixa Xeral de Depósitos, para garantir a "Producción e contratación artística do XXVI Festival "Rock in Cambre 2017". Expediente: 2017/C006/000003

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**A) Adxudicación, á empresa "Canarga, S.L.", no importe de 24.090,91 euros sen IVE e 29.150,00 euros IVE incluído, da obra "Mellora do camiño 00383 dende Fabás ata Armental, Cambre", cofinanciada ao abeiro da Resolución do 18 de maio de 2017, da Agader, pola que se aproba a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018. Expediente: 2017/C003/000011**

Vista a proposta de Alcaldía de data 6 de xullo de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o expediente de contratación incoado co nº 2017/C003/000011 para a adxudicación, por procedemento negociado sen publicidade, da obra "Mellora do camiño 00383 dende Fabás ata Armental, Cambre", cofinanciada ao abeiro da Resolución do 18 de maio de 2017, da Agader, pola que se aproba a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018 , cun orzamento de execución por contrata de 46.563,74 euros (IVE incluído).

Vistos os informes emitidos coas datas do 3 de maio e 31 de maio de 2018, pola Comisión de Negociación designada no presente expediente (consonte ás cláusulas 15.1 e epígrafe 17.2 do Anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares), e dos que resulta que a entidade licitadora que formulou a oferta máis vantaxosa no presente expediente, en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.2 e Anexo V.I e máis no criterio de negociación que consta no Anexo V.II do prego que rexe a presente licitación, unha vez articuladas as tres fases de negociación contempladas na cláusula 15.4 do prego é a entidade "Canarga, S.L.", que oferta o importe de 29.150,00 € IVE incluído, se ben se atopaba inicialmente incurso en presunción de baixa desproporcionada.

Visto que, outorgado á empresa o prazo de cinco días contemplado na cláusula 15.5.1 do prego de cláusulas administrativas particulares, para que xustificase a súa oferta, a entidade achegou documentación coa que acreditou suficientemente a súa oferta incurso inicialmente en presunción de baixa desproporcionada, segundo informe emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal con data do 19 de xuño de 2018, polo que se formula proposta de adxudicación ao seu favor.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de dez días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, esto de conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, que aproba o Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, (aplicable ao presente expediente de conformidade co establecido na Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014), e máis no Anexo IV ao prego que rexe a presente contratación, este achegou en prazo a documentación requerida, acreditando dispoñer dos medios pessoais e materiais suficientes, así como a súa solvencia económica e técnica, segundo informe da enxeñeira técnica de obras públicas municipal de data 4 de xullo actual.

Visto o establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 151 e 152 do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por RD Legislativo 3/2011, aplicable ao presente



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

expediente de conformidade co establecido na Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014,

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, conformado pola secretaria xeral da corporación de data 4 de xullo de 2018, que contén a proposta de acordos a adoptar.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, de data 5 de xullo de 2018.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polos licitadores que a seguir se relacionan, ao ter presentado a súa proposición coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente contratación:

- "Canarga, S.L."
- "Sociedad de Regeneración Medioambiental, S.L."
- "Francisco Gómez y Cía, S.L."
- "Obras y Saneamientos Galicia, S.L."
- "Lancer Proyectos y Obras, S.A."
- "Proyectos Zenale, S.L."

**Segundo :** Unha vez efectuado o trámite de outorgamento, ás empresas admitidas, do prazo para presentar segunda oferta ou ratificar a xa presentada que se establece na cláusula 15.4 do prego de cláusulas administrativas particulares, excluír da licitación a oferta da entidade "Asfalgal Técnicas Viarias S.L.", xa que non presentou documento ningún no prazo que lle foi conferido consonte á cláusula 15.4 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Tendo en conta que esta cláusula contempla a obriga imperativa de que os licitadores "deberán presentar unha oferta que mellore a inicial ou ratificarse expresamente na oferta presentada", e de conformidade co establecido no artigo 145.1 do RD Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, aplicable ao presente expediente de conformidade co establecido na Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, e segundo o cal "As proposicións dos interesados deberán axustarse ao previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das ditas cláusulas ou condicións, sen salvidade ou reserva ningunha", procede a exclusión do procedemento da licitación da oferta presentada pola empresa que non deu cumprimento ao requirimento efectuado consonte á cláusula 15.4 do prego administrativo, ("Asfalgal Técnicas Viarias S.L."), por incumprimento expreso do prego de cláusulas administrativas particulares que constitúe lei reguladora do contrato.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**Terceiro:** A orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras que continuaron na licitación, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta a aplicación do único criterio de adjudicación que consta na cláusula 15.2 e Anexo V.I do prego que rexe a presente licitación, (oferta económica), e mailo criterio de negociación contemplado na cláusula 15.2 e Anexo V.II do prego de cláusulas administrativas, unha vez articuladas as tres fases de negociación contempladas na cláusula 15.4 do prego, é a seguinte:

1.- Canarga, S.L.	100 puntos
2.- Sociedad de Regeneración Medioambiental S.L.	93,20 puntos
3.- Lancer Proyectos y Obras, S.A.	89,78 puntos
4.- Proyectos Zenale, S.L.	84,39 puntos
5.- Obras y saneamientos Galicia, S.L.	68,44 puntos
6.- Francisco Gómez y Cia, S.L.	39,44 puntos

**Cuarto:** Adjudicar a obra "Mellora do camiño 00383 dende Fabás ata Armental, Cambre", cofinanciada ao abeiro da Resolución do 18 de maio de 2017, da Agader, pola que se aproba a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, á entidade "Canarga, S.L.", con NIF: B-15360902 e domicilio social na rúa Gambrinus nº 99, Polígono industrial La Grela, 15008 A Coruña, no prezo ofertado de 24.090,91 euros sen IVE e 29.150,00 euros IVE incluído, por ser o licitador que efectuou a oferta máis vantaxosa, acadando a maior puntuación, en aplicación do criterio de adjudicación de oferta económica que consta na cláusula 15.2 e Anexo V.I do prego que rexe a presente licitación, e de negociación contemplado no Anexo V.II, unha vez articuladas as tres fases de negociación contempladas na cláusula 15.4 do prego, e que xustificou debidamente a súa oferta inicialmente incurso en presunción de desproporción ou temeridade, segundo informes emitidos coas datas do 3 de maio e 23 de maio de 2018 pola Comisión de Negociación designada no presente expediente, e mailo emitido con data do 19 de xuño de 2018 pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal.

A característica da proposición do adjudicatario determinante de que a súa oferta obtivese a maior puntuación, de conformidade co establecido no artigo 151.4.c) do RDL 3/2011, e cláusula 15.2 e Anexo V.I do prego, atópase na baixa económica ofertada, ao ser a oferta económica o único criterio de adjudicación e negociación contemplados no presente expediente.

**Quinto:** Proceder á formalización do contrato en documento administrativo no prazo dos quince días hábiles seguintes á notificación da adjudicación, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato no Perfil de Contratante do Concello de Cambre, e na Plataforma de Contratos de Galicia, esto de conformidade co disposto nos artigos 154 e 156.3 do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, aplicable ao presente expediente de conformidade co establecido na Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017 do 8 de novembro, e cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares.

**Sexto:** A dirección da obra e maila coordinación de seguridade e saúde correspóndelle á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, quen exercerá, así mesmo, os labores de responsable do contrato, para os efectos previstos no artigo 52 do RD





Legislativo 3/2011 (Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público), polo que lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Sétimo:** Notificar ás empresas participantes e á coordinadora de seguridade e saúde, e publicar simultaneamente a adxudicación no Perfil de contratante do Concello de Cambre, incluído na páxina web municipal <http://www.cambre.es>, e na Plataforma de Contratos de Galicia [www.contratosdeg Galicia.es](http://www.contratosdeg Galicia.es), de conformidade co establecido no artigo 151.4 do RD Legislativo 3/2011 (Texto Refundido da Lei de contratos do sector público) e cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Oitavo:** Notificar aos Departamentos de Intervención, Servizos, e á técnica de xestión de Administración xeral, responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Corrección de erro no acordo de adxudicación á entidade “Luz Coruña, S.L.”, no importe de 726 euros IVE incluído, do “Servizo de rotulación edificio servizos múltiples O Temple”. Expediente núm. 2018/C002/000043**

Vista a proposta de Alcaldía de data 4 de xullo de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 19 de xuño de 2018 a Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre aprobou a adxudicación á entidade “Luz Coruña, S.L.”, no importe de 726 euros IVE incluído, do “Servizo de rotulación edificio servizos múltiples O Temple”, expediente núm. 2018/C002/000043

Comprobado polo servizo de Contratación que existe un erro material no acordo de adxudicación, xa que o importe que consta é o orzamento de licitación, de 726 € con IVE incluído, debendo constar o orzamento de adxudicación que é de 713,90 € IVE incluído.



Por todo o exposto, de conformidade co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Proceder á corrección do erro material que consta no punto primeiro do acordo adoptado no expediente nº 2018/C002/000043, pola Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre con data do 19/06/2018, xa que, onde di "Adxudicación IVE incluído 726 €" debería dicir: "Adxudicación IVE incluído 713,90 €"

**Segundo:** Notifíquese á unidade xestora, co fin de que o poña en coñecemento do adxudicatario para que proceda á execución, con incorporación da correspondente factura unha vez conformada polo responsable do contrato."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**C) Outorgamento dunha prórroga para a execución da obra "Ampliación e reforma do Parque infantil oeste de A Barcala" incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+2017. Expediente: 2017/C003/000006**

Vista a proposta de Alcaldía de data 5 de xullo de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o expediente de contratación incoado co nº 2017/C003/000006, para a adxudicación, por procedemento negociado sen publicidade, da obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+2017 "Ampliación e reforma do Parque infantil oeste de A Barcala", cun orzamento de execución por contrata de 103.653,95 (IVE incluído).

Visto que, coa data do 23 de xaneiro de 2018, adxudicouse a obra á entidade "IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.", no importe de 71.000 euros, IVE incluído, asinándose o contrato o día 2 de febreiro de 2018.

Tendo en conta que o prazo de execución previsto para a obra, e fixado no contrato, é de dous meses, que comezarán a contar desde o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo, asinada o día 1 de marzo de 2018, aprobándose o plan de seguridade e saúde, o programa de traballo e o plan de xestión de residuos por acordo da Xunta de Goberno Local de data tres de abril de dous mil dezaoto a data prevista para a finalización da obra sería o 2 de maio de 2018.

Visto o escrito presentado polo representante da empresa adxudicataria no Concello de Cambre o día 28 de xuño de 2018, rexistrado ao nº 2018899900000344, no que solicita unha prórroga no prazo de execución ata o 9 de xullo, e fundamenta esta petición na "instalación dun carrusel de



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

integración con acceso a cadeira de rodas, equipamento específico marca “EIBE” e fabricado en Alemaña”, e “de carácter exclusivo no mercado”, que segundo a empresa subministradora non poderá ser entregado antes do 2 de xullo.

Visto, o informe favorable emitido pola directora da obra e responsable do contrato, a enxeñeira técnica de obras públicas municipal, Elena Bartolomé Delanoë, con data 3 de xullo de 2018.

Visto o establecido na cláusula 32 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 213.2 do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011, e artigo 100 do RD 1098/2001 do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, de data 5 de xullo de 2018.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Outorgarlle á empresa “IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.”, adxudicataria da obra, “Ampliación e reforma do Parque infantil oeste de A Barcala” incluída no POS+2017, unha prórroga ata o día 9 de xullo de 2018, para a súa execución, isto debido a “instalación dun carrusel de integración con acceso a cadeira de rodas, equipamento específico marca “EIBE” e fabricado en Alemaña”, e “de carácter exclusivo no mercado”, que segundo a empresa subministradora non poderá ser entregado antes do 2 de xullo, segundo o informe da directora da obra e responsable do contrato, a enxeñeira técnica de obras públicas municipal de data 3/07/2018, quedando, pois, establecida como data de remate da obra o vindeiro día 9 de xullo de 2018.

**Segundo:** Notificar o presente acordo á entidade adxudicataria, facéndolle saber que, por se tratar dun acto de trámite, non cabe recurso, todo isto de acordo cos artigos 112 e concordantes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo á directora da obra e responsable do contrato, e máis ao Departamento de Intervención, para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**D) Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde presentado pola empresa Cys Hispania, S.L. adxudicataria da obra “Reforma das pistas polideportivas cubertas dos Campóns (Sigrás) e Bernardo Bish (Brexo)” incluída no Plan provincial de cooperación ás**



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## **obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017". Expediente 2017/C003/000008**

Vista a proposta de Alcaldía de data 5 de xullo de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o expediente de contratación incoado co número 2017/C003/000008, para a contratación por procedemento negociado sen publicidade, da obra "*Reforma das pistas polideportivas cubertas dos Campóns (Sigrás) e Bernardo Bish (Brexo)*", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017", da Excm. Deputación Provincial de A Coruña.

Visto o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa adxudicataria *Cys Hispania, S.L.*, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 25 de xuño de 2018 e rexistrado co número 201899900000334, ao que achega o informe favorable emitido por dona Laura López Santiago (da empresa Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste S.L.U.), designada como coordinadora de seguridade e saúde da obra por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre de data 23 de xaneiro de 2018.

Visto o informe favorable emitido con data do 3 de xullo de 2018 polo arquitecto municipal, director da obra e responsable do contrato.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, así como o disposto na cláusula 18.3 do prego de Cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente de contratación.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, de data 5 de xullo de 2018.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa, *Cys Hispania, S.L.*, para a execución da obra denominada "*Reforma das pistas polideportivas cubertas dos Campóns (Sigrás) e Bernardo Bish (Brexo)*", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017", da Excm. Deputación Provincial de A Coruña, (Exp. 2017/C003/000008).

**Segundo:** Notificar este acordo á empresa *Cys Hispania, S.L.* e a dona Laura López Santiago, (da empresa Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste S.L.U.), coordinadora de seguridade e saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da



citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

**Terceiro:** Notifíquese ao arquitecto municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### **E) Proposta de alcaldía de autorización e disposición de gastos mediante o sistema de “vales de pedido”**

Vista a proposta de Alcaldía de data 9 de xullo de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“Na unidade xestora de Xuventude, Turismo e Patrimonio tramitáronse os expedientes e “vales de pedido” que se relacionan a continuación.

Neles consta o informe de necesidade asinado polo técnico coordinador da Área, o concelleiro delegado, e por esta Alcaldía, de conformidade coa Resolución núm. 872/2018, do 3 de maio, de reserva das competencias que o artigo 118 da LCSP, atribúe ao órgano de contratación nos contratos menores.

Constan os informes emitidos pola Intervención xeral e polo técnico coordinador da área de onde se deriva que non hai fraccionamento do obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que aos contratistas propostos como adxudicatarios non se lle teñen adxudicado contratos que illadamente ou en conxunto superen o importe de 40.000 € en obras e 15.000 € en servizos e subministracións, polo que, por parte desta Alcaldía considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.3 da LCSP.

Consta o correspondente certificado de existencia de crédito adecuado e suficiente.

Vistas as propostas de autorización e disposición de gastos do concelleiro delegado de área.

Tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**Primeiro:** Autorizar e dispoñer os gastos correspondentes que constan nos expedientes de contratos menores mediante o sistema de "vale de pedido" que a continuación se relacionan, nas aplicacións orzamentarias sinaladas, así como a súa adxudicación ás empresas e polos importes que igualmente se indican:

#### Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio

Nº expediente SERV./SUBM.	Obxecto	Adxudicatario	Adxudicación IVE incluído	Duración	Aplicación orzamentaria	Nº de licitadores
2018/C002/000097	Servizo de animación e xogos tradicionais no Galaiçoi	DINAMO XESTIÓN DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURALS, S.L.	2.299,00 €	3 días naturais	430 22612	1
2018/C002/000116	Servizos de recreación histórica da Asociación de Recreación Histórica "A Castronela"	Asociación de Recreación Histórica A Castronela	3.700,00 €	5 días naturais	430 22612	1
2018/C002/000153	Servizos de recreación histórica da Asociación Cultural e de Promoción Turística Cohors III Lucensium para a Romaría Galaiçoi Romana "Galaiçoi"	Asociación Cultural e de Promoción Turística Cohors III Lucensium	2.000,00 €	5 días naturais	430 22612	1
2018/C002/000158	Servizos de recreación histórica da Asociación Histórico Cultural Gallaecia Viva para a Romaría Galaiçoi Romana "Galaiçoi"	Asociación Histórico Cultural Gallaecia Viva	2.100,00 €	5 días naturais	430 22612	1
2018/C002/000162	Subministro da Tessera Hospitalis e das medallas dos Primeiros Xogos Galaiçoi Romanos para a Romaría Galaiçoi Romana "Galaiçoi"	Laura Delgado Lodeiro	557,81 €	10 días naturais	430 22612	1
2018/C002/000166	Servizos de aloxamento dos membros das asociacións de recreación histórica e culturais participantes na Romaría Galaiçoi Romana "Galaiçoi"	PROIN ESPÍRITU SANTO, S.L. (Hotel Flor del Río)	2.200,00 €	2 días naturais	430 22612	1

**Segundo:** Notifíquese á unidade xestora, co fin de que o poñan en coñecemento dos adxudicatarios para que procedan á execución, con incorporación da correspondente factura unha vez conformada polo responsable do contrato."



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**F) Devolución da garantía definitiva, por importe de 3.570,00 euros, á entidade “Galicia Vella de Inversiones y Logística, S.L.”, depositada mediante aval bancario da entidade Caixa Xeral de Depósitos, para garantir a “Producción e contratación artística do XXVI Festival “Rock in Cambre 2017”. Expediente: 2017/C006/000003**

Vista a proposta de Alcaldía de data 9 de xullo de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o escrito presentado por don Armando Lema Suárez, co DNI nº 32.752.020-C, en representación da entidade “Galicia Vella de Inversiones y Logística, S.L.”, e domicilio na rúa Jubias de Arriba, nº 84 15006 – A Coruña, rexistrado de entrada ao número 0/10081, con data 23 de novembro de 2017, no que solicita se lle devolva a garantía definitiva depositada mediante aval bancario nº 170303 da entidade “Caixa Xeral de Depósitos”, de data 05/07/2017 e importe de 3.570,00 euros, depositado na Tesourería municipal o día 12/07/2017 para garantir a execución do contrato denominado “Producción e contratación artística do XXVI Festival “Rock in Cambre 2017”, (Exp. nº 2017/C006/000003).

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o concello fixese ningunha obxección ou reparo, esto segundo informe favorable emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas, responsable do contrato, coa data do 6 de abril de 2018.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 9 de xullo de 2018.

Vista a proposta do concelleiro delegado de área de Cultura, Deportes e Mobilidade, de data 9 de xullo de 2018.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 307 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, aplicable ao presente expediente de conformidade co establecido na Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade, “Galicia Vella de Inversiones y Logística, S.L.”, no expediente número 2017/C006/000003



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**Segundo:** Notificar o presente acordo á entidade interesada, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e vinte e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Óscar A. García Patiño

Maria Luisa de la Red Ampudia